

Algunhas tarefas da lexicografía galega actual

Discurso lido o día 7 de febreiro
de 1992 no acto da súa recepción,
polo ilustrísimo señor don

Manuel González González

e resposta do excelentísimo señor don

Carlos Casares



REAL ACADEMIA GALEGA



Algunhas tarefas
da lexicografía galega actual

A presente edición
elabórouse a partir dos mecanoscritos
orixinais conservados no Arquivo
da Real Academia Galega e
na Fundación Carlos Casares

Edita

Real Academia Galega

© Manuel González González, 2024

© Herdeiros de Carlos Casares, 2024

© Real Academia Galega, 2024

Deseño da colección

Grupo Revisión Deseño

<https://doi.org/10.32766/rag.196>



Obra producida no ámbito da subvención
concedida á Real Academia Galega
polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Algunhas tarefas
da lexicografía galega actual



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2024

Discurso do ilustríssimo señor don
Manuel González González



Excelentísimo señor Presidente,
Excelentísimos Sres. Académicos,
Miñas donas, meus señores.

Hai tres meses a Real Academia Galega fíxome a honra de nomearme membro numerario da mesma. Honra, sen dúbida, moi superior ós poucos méritos que concorren nunha persoa coma min, un aprendiz de lingüista, que se algo ten claro é o pouco que sabe e o moito que lle queda por aprender; e enorme xenerosidade a da Real Academia Galega por supoñer que, cando aínda me quedan tantas singraduras por navegar, a miña presenza pode ser dalgunha utilidade no seu seo. Moitas gracias, xa que logo, a tódolos académicos desta benemérita institución, e saiban que poderán contar para todo aquilo en que poida ser dalgunha utilidade co meu pouco saber, pero tamén coa miña fonda entrega, coas moitas limitacións que se teñen ós 40 anos, pero coa ilusión do que se ergue tódolos días coa idea de que o noso pobo ten futuro, e que este só se constrúe con traballo e con entrega. Espero, señores académicos, non defraudalos, e ocupar con dignidade a vacante deixada polo admirado Eduardo Moreiras, que nos 76 anos da súa vida foi un exemplo de bo galego.

Don Eduardo Moreiras, que nacera nas terras luguesas de Quiroga, realizou os estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, os mesmos que case 40 anos máis tarde tiveron tamén eu a sorte de facer na mesma universidade.

Don Eduardo era un home aberto ó mundo que o rodeaba, tanto o mundo físico coma o cultural: amante da súa xente, como se transluce na obra *Primaveira no Lor*, onde narra unha pequena viaxe, a pé, seguindo a ribeira do río Lor, o que lle vale de

pretexto para presentárnola xente que habita a montaña luguesa. Era persoa atenta non só á circunstancia inmediata na que vivía, senón tamén ós feitos importantes da cultura universal, sobre todo da cultura literaria: tiña unha ampla erudición e fondo coñecemento das linguas e literaturas europeas, como mostra nas súas traducións de Paul Éluard e da italiana Elena Bono.

Era unha persoa enormemente reflexiva, léanse senón os seus libros de poesía *Paisaxe en rocha viva*, *A realidade esencial* ou *Os nobres carreiros*. Por todos eles ondean emocións transcendentales e reflexións cordiais, bañadas dun misticismo con referencias á filosofía oriental, onde abundan imaxes do lume, da luz, e da música como símbolo da orde e harmonía do universo. Esta veta reflexiva atopámola tamén na súa primeira obra galega en prosa, *Follas de Vagar. Xornal*, que recolle en forma de diario, ó lado dalgún relato, diversas reflexións e semblanzas, que constitúen unha importante fonte de información crítica sobre a nosa historia literaria recente.

Pero E. Moreiras era, amais, un creador, un poeta no sentido etimolóxico da palabra, mesmo nas súas obras en prosa. ¿É que acaso non é poesía da máis pura o seu *Libro dos mortos* por máis que predomine nel a prosa sobre o verso, onde se produce un desbordamento da fantasía do autor, encarreirada a través dun dominio extraordinario da técnica literaria: dominio do simbolismo e a imaxinería, dominio do punto de vista? Poeta e creador, en suma.


Intentarei, excelentísimos señores académicos, cubrir na medida das miñas posibilidades o baleiro deixado nesta institución por D. Eduardo Moreiras. Azos e folgos non me han faltar para supli-las miñas limitacións, e espero corresponder con dignidade á confianza que en min depositastes ó me elixirdes membro desta Corporación. De novo, moitas gracias, señores académicos.

Todos sabemos que as linguas históricas, entre elas o galego, non son realidades uniformes, senón diasistemas que integran no seu seo unha serie de sistemas máis ou menos diferenciados. Calquera de nós ten consciencia de que existen diferencias na maneira de fala-lo galego entre unhas zonas e outras: son os *dialectos xeográficos* ou as *variedades diatópicas*, que existen en tódalas linguas. Igualmente é doado decatarse de que as persoas se expresan de maneira distinta segundo o nivel cultural que teñan e o estrato social ó que pertenzan: son os chamados *dialectos sociais* ou *variedades diastráticas*. E existen aínda outros factores, que non é do caso mencionar aquí, que inciden na utilización que cada membro da nosa comunidade fai da súa lingua.

Pois ben, a lingua estándar do galego, a lingua que podemos chamar normativa, non é, desde o punto de vista do lingüista, máis ca un dos varios sistemas que existen dentro desa realidade historicocultural que é a lingua galega. Lingüisticamente, podemos dicir que o galego estándar é un sistema do mesmo tipo ca, por exemplo, o galego mindoniense ou o galego das Rías Baixas.

Non obstante, desde o lado sociolingüístico, eu sinalaría algunhas diferencias entre os sistemas dialectais e o sistema normalizado do galego, en virtude da súa xénese e da súa función social:

- a) Mentres que, xeneticamente, os dialectos do galego son o resultado da evolución espontánea da lingua nun lugar ou ámbito determinado, o galego normalizado é o produto dunha *coiné*, dunha converxencia á que tódolos dialectos do galego contribuíron en maior ou menor grao.
- b) Desde o punto de vista da función social que desempeña, a lingua estándar actúa como intersistema de tódolos outros sistemas existentes; é a modalidade na que tódolos galegos nos temos que sentir integrados e que nos serve para intercomunicarnos, por riba das diferencias dialectais. Pero esta lingua normalizada na que todos nos vemos reflectidos é ademais a que nos dá cohesión social e a que nos fai palpable a conciencia de pertencer a un mesmo



pobo. E neste sentido, non lle faltaba razón a Castelao cando dicía que “se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e gracia do idioma”. Isto é, entre outras razóns, o que explica que practicamente todas as linguas de cultura teñan unha norma estándar, que se difunde pola escola e polos medios de comunicación de masas e está sometida a institucións que a orientan e controlan.

Se fago este preámbulo é porque considero que as tarefas máis urxentes da lexicografía galega deben estar encamiñadas a lograr unha estandarización do léxico, que deberá ir seguida dunha serie de medidas sociopolíticas tendentes á progresiva implantación social de tal léxico normalizado.

E cando fago esta afirmación non quero dicir que esta sexa a única tarefa da lexicografía galega. Son consciente de que hai outros problemas que afectan non só á galega, senón tamén á lexicografía de case todas as linguas. Penso, por exemplo, que é urxente a eliminación na medida do posible da subxectividade nas definicións dos dicionarios galegos: as opinións filosóficas, morais, relixiosas, políticas e estéticas dos seus redactores non se deben translucir nunca na obra. A definición debe ser un equivalente do definido, pero, como dicía o mestre Julio Casares, “unha equivalencia puramente conceptual, é dicir, redactada en termos neutros, lóxicos, que non falen ó sentimento nin á imaxinación”. Deben, xa que logo, desaparecer dos nosos dicionarios as definicións humorísticas e as definicións ideolóxicas, que expresan opinións sobre cuestións de moral social ou sobre ideas políticas. E debe terse un especial coidado en erradicalo sexismo non só das definicións senón tamén dos exemplos, que ás veces son estereotipos que presentan ás mulleres en determinadas situacións, como cociñando, cosendo, limpando a casa, etc., mentres que os homes aparecen traballando fóra do fogar ou desempeñando funcións que son socialmente máis recoñecidas.

Pero dicía que estes son problemas que afectan ós dicionarios de case todas as linguas, e eu hoxe quíame fixar nos problemas específicos da lexicografía galega no momento actual, e en concreto da lexicografía académica na súa tarefa de proporcionar un modelo estandarizado do léxico galego, facendo realidade o lema que figura no seu escudo: *colligit, expurgat, innovat*.

Pero ¿que debemos entender por estandarización do léxico? O concepto parece que está claro cando falamos da estandarización da fonoloxía e da fonética. Trátase de ofrecer un modelo do sistema fonolóxico e da realización de cada un dos

fonemas. Por exemplo, na lingua estándar refúganse fenómenos coma o do seseo, gheada, despalatalización do *xe*, etc.


Parece tamén claro o concepto cando o aplicamos á morfosintaxe. Por exemplo, na morfoloxía verbal, entre *trouxen* e *trouguen*, sabemos que a forma da lingua estándar é a primeira. Do mesmo xeito podemos dicir que o *cheísmo* e o *teísmo* non pertencen á lingua estándar, na que se diferencian as formas para o obxecto directo (*te*) das do obxecto indirecto (*che*), etc.

Pero non existe tanta claridade cando nos referimos á estandarización do léxico:

Nas linguas normalizadas, cando consultamos un bo dicionario, atopamos con frecuencia nas entradas acotacións como *dialectalismo*, *xitanismo*, *vulgarismo*, *cultismo*, *tecnicismo*, *arcaísmo*... No galego, debido á situación anormal en que viviu non se impuxo aínda unha selección do léxico propio da lingua que podemos chamar común. De aí que moitas veces, sobre todo no uso escrito, aparecen combinacións de palabras realmente chocantes: ó lado dunha forma culta propia dun nivel extraordinariamente elevado, atopámo-los vulgarismos e dialectalismos máis sorprendentes.

Máis de un de vostedes estará pensando que este tipo de combinacións tamén se pode atopar, ás veces, noutras linguas. Si, é verdade, pero cando isto ocorre noutras linguas, estes usos teñen unha finalidade estilística determinada: preténdese unhas veces marca-lo ámbito social no que se desenvolve unha acción, a clase social á que pertence un personaxe, a localización xeográfica, o estado de ánimo, etc. En cambio, isto non ocorre no caso do galego, porque ó non estaren delimitados os niveis diatópicos, diastráticos e diafásicos nos que se sitúa un determinado termo, a utilización deste perde todo valor estilístico. A este problema facía xa referencia o profesor C. García, membro desta academia, no discurso de apertura de curso da Universidade de Santiago, no ano 1977, cando dicía:

A lingua non pode ser un medio sempre cambiante, deformado, antieconómico, difícil de aprender e ineficaz. O que hoxe quere achegarse ó galego e aprendelo, atópase con que a penas ten textos literarios nos que poida atopar unha norma, textos que sexan de fiar, nunha palabra; outro tanto lle ocorre ó filólogo, que se ve imposibilitado para aceptar trazos de lingua visibles nun texto literario, se non é que os constatou antes na fala. Este estado da lingua culta vai non só en



contra do nivel lingüístico da obra, senón que é un xeito tamén de eiva estilística, porque non habendo unha norma, tampouco hai nada que produza un efecto especial procurando saír dela.¹

O que pretendemos, pois, ó falar de estandarización do léxico é ofrecer un conxunto léxico común para tódolos usuarios do galego, que se impoña sobre as variedades locais ou sociais, de modo que sexa considerado polos falantes como o modelo que se debe utilizar na escola, nos medios de comunicación e nas relacións de tipo formal, sen prexulgar que eses mesmos falantes nas súas relacións familiares poidan utilizar outras formas.

A tarefa de estandarización do léxico é complexa, difícil e, en moitos aspectos, discutible. Con todo, trataremos de ver algúns problemas cos que hai que enfrontarse para unha estandarización do léxico:

I.

Cómpre extraer de entre a extraordinaria diversidade de formas dialectais aquelas que se van propoñer para esa parcela do léxico que podemos considerar común, é dicir, escoller, de entre tódalas formas presentes na lingua, aquelas que pola súa extensión xeográfica, pola súa tradición literaria ou polos criterios que se establezan deban ser preferidas ás outras, que quedarían marcadas como dialectais. Evidentemente, a escolla ha de basearse sempre en razóns científicas e obxectivas. Por exemplo:


- Entre as formas *bidueiro*, (*bedueiro*), (*bidoeiro*), *bidoeira*, (*budueira*), (*abedoeira*), (*abedueira*), *abidueira*, *abidueiro*, *bedugo*, *bedul*, *bedulo*, *dulo*, *abedú*, *bídalo*, *bido*, *budio*, etc., ¿cal debe se-la forma preferida na lingua estándar?
- a) Parece lóxico elimina-las voces con conservación do *-l-* intervocálico que, ou ben son adaptacións ou deformacións do castelán *abedul* ou ben son formas dialectais estendidas cara ó occidente desde as falas leonesas. Debemos prescindir, en consecuencia, das variantes *bedul*, *bedulo*, *dulo*, *bídalo*, etc.
- b) As formas que quedan pódense xebrar en dous grupos: o das que levan o sufixo *-ariu*, e as que non o levan, é dicir, as formas tipo *bidueiro* ou *abidueira*, e

¹ Constantino García(1985). *Temas de lingüística galega*. A Coruña: La Voz de Galicia, p. 105.

as tipo *budio* ou *bido*. As formas do segundo tipo, ocupan unha área xeográfica moi reducida e practicamente non teñen tradición literaria. Por iso, aínda sendo formas autenticamente galegas, parece razoable deixalas marcadas como voces dialectais correspondentes a un ámbito xeográfico moi concreto.

- c) Sendo isto así, a forma estándar debe ser escollida de entre as voces patrimoniais que presentan o sufixo *-ariu*. Pero dentro delas, batemos aínda con dous problemas: a) o da prótese vocálica (é dicir, escolle-lo tipo *bidueiro* ou *abidueiro*) e o do xénero (darlle primacía á forma masculina *bidueiro* ou á feminina *bidueira*). Un exame á realidade lingüística actual móstranos que a forma *bidueiro* é a máis estendida, e esta foi a que se propuxo como normativa na versión provisional do *Vocabulario ortográfico da lingua galega*.²
- Hai veces en que cómpre ter aínda en conta outros criterios, amais da autenticidade da palabra, a extensión xeográfica e a tradición literaria. Por exemplo, para o termo castelán ‘solariego’ temos hoxe vivas nunha parte do galego as formas *soarego*, *sarego* e *suarego*. Das tres, a menos abundante é *soarego*, pero coido que non obstante é esa a forma que cómpre primar por distintas razóns:
- a) porque é a que está na base das outras variantes: *suarego* e *sarego* formáronse a partir de *soarego*.
- b) porque así mantémo-la coherencia interna da familia: debemos ter en conta que *soarego* é un derivado do substantivo *soar*, e parece lóxico conserva-lo mesmo vocalismo na palabra primitiva e na derivada.
- c) porque é a solución congruente coa que se dá noutras voces que etimoloxicamente presentan contextos semellantes: dicimos, por exemplo, *coadoiro*, e non **cuadoiro* nin **cadoiro*).

2 Manuel González González e Antón Santamarina (1990). *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (versión provisional). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega.



2.

Outra tarefa que debe afronta-la lexicografía da RAG é a depuración de castelanismos e voces espurias innecesarias.


O feito de que o castelán fose durante moitos séculos a lingua A en Galicia, a lingua da comunicación formal, a lingua da escola, a lingua da administración, a lingua da igrexa, etc., nunha palabra, a lingua do poder, trouxo consigo que un número considerable de voces castelás pasasen a formar parte do léxico habitual dos galegos. Dentro destes castelanismos temos que diferenciar aqueles que se poden considerar préstamos normais desta lingua ó galego (como hai préstamos do castelán ó francés, ó italiano ou ó portugués), tal sería o caso de palabras como *tortilla*, *guerrilla*, *xota*, etc., daqueles outros que son innecesarios e que levaron consigo a desaparición da voz tradicional galega para designar un determinado obxecto ou para expresar un determinado concepto. Son os castelanismos deste segundo tipo, os castelanismos de luxo, os que é necesario excluír do léxico estándar galego. Ben sei que non faltan voces que se erguen a favor da admisión e santificación dun amplo número de castelanismos que están presentes na lingua oral cotiá de moitos dos nosos falantes, baseándose no seguinte razoamento: o préstamo lingüístico é un fenómeno que se produce en tódalas linguas, por exemplo, o inglés aceptou moitos miles de palabras francesas e isto non foi negativo, senón, pola contra, algo totalmente saudable para aquela lingua. Como dixo o lingüista catalán Francesc de B. Moll, se os ingleses se empeñasen en limpar de barbarismos o seu idioma, este quedaría tan anémico que sería necesario inxectarllos en doses masivas para impedir que morrese de inanición. Igualmente, o portugués ten un número altísimo de préstamos do francés e non por iso perde identidade. E o mesmo podemos dicir de case tódalas linguas occidentais nas que están penetrando na actualidade unha importante cantidade de anglicismos, sen que se resintan especialmente.

Pero esta maneira de interpreta-los feitos para o caso galego é, ó meu xuízo, errada. Os que defenden esta postura esquecen que o galego é unha lingua minorizada, que é unha lingua sen estado e que está nunha posición de debilidade que a obriga a botar man de tódolos recursos de autoprotección para poder seguir mantendo a súa identidade e asegura-la súa pervivencia. Hai moitas maneiras das que pode morrer unha lingua: o latín morreu por **transformación**, dando lugar ás distintas linguas románicas; outras linguas, coma o dálmata, desapareceron por **extinción**, cando os seus últimos falantes morreron sen deixaren descendencia. Pero non

podemos esquecer que hai outro tipo de morte dunha lingua, a **substitución**, cando unha lingua dominada desaparece baixo unha lingua dominante; e esta substitución pode ser **alternativa**, pero pode ser tamén **continua**, cando a través dun longo proceso unha lingua dominada se fonde lentamente nunha lingua dominante. Trátase da **absorción** insensible dunha lingua por outra, e este é un perigo real que corre o galego diante do castelán, se non se adoptan as necesarias medidas de protección. Por iso é necesario ser moi restrictivos na aceptación do préstamo castelán e evitalo cando non sexa realmente imprescindible. O galego, na actualidade, está exposto a unha verdadeira invasión de castelanismos, que o desnaturalizarían se non hai unha vixilancia axeitada; por iso é necesario que a Academia exerza a súa misión depuradora, denunciando a ilexitimidade de tales intromisións innecesarias e esixindo a utilización dunha lingua correcta nos nosos centros educativos e nos medios de comunicación social, que van desempeñar un papel decisivo no futuro da nosa lingua.

Cómpre aínda loitar contra unha influencia máis sutil da lingua castelá, que non é facilmente apreciable, pero que está producindo igualmente un empobrecemento do léxico patrimonial galego: En tódalas linguas existe a sinonimia (aínda que esta non sexa total), e tan galego é *lágrima* coma *bágoa* ou *bagulla*, o mesmo que é igualmente galego *encontrar* ca *atopar*, *olvidar* ca *esquecer*. Pero o que está ocorrendo é que en casos deste tipo nos que unha das voces coincide coa castelá e a outra non, é a forma coincidente coa castelá a que cobra maior vitalidade, mentres que a forma diferencial galega se vai relegando progresivamente ata quedar arquivada no baúl da marxinalidade, do exótico, ata chegar ó esquecemento total.

A depuración de castelanismos inútiles é unha das tarefas primordiais de cara á estandarización do léxico galego. Non é agora o lugar de ofrecer unha listaxe de castelanismos usados habitualmente no galego, pero coido que todos debiamos facer un esforzo para potenciar formas como —e permítaseme poñer só un par de exemplos— *xarope* ou *rutineiro* en vez das castelás *almíbar* e *rutinario*. Cando dicimos que comemos peras ou melocotóns en *almíbar*, estamos utilizando unha voz castelá, tomada do árabe *al-miba*, que nunca tivo ata tempos moi recentes presenza no galego, que ten a palabra *xarope* para designa-lo líquido composto de auga e azucre fervido das conservas de froitas. Poida que a alguén lle resulte sorprendente a forma *rutineiro* no lugar da máis habitual castelá *rutinario*. Tanto *rutina* coma *rutineiro* son voces tomadas do francés *routine* e *routinier*. Esta última ten en francés o sufixo *-ier*, que corresponde ó castelán *-ero* e ó galego *-eiro*. As adaptacións normais serán, xa que logo, *rutineiro* para o galego e *rutinero* para o castelán. E así foi, porque o



castelán coñeceu e coñece aínda a forma *rutinero*, pero ó lado dela creouse unha variante con cambio de sufixo, *rutinario*, debido por un lado á influencia doutras palabras que rematan en *-ina* e que teñen un derivado en *-ario* (por exemplo, *doctrina* > *doctrinario*) e, por outra banda, á presenza de *-ario* en adxectivos próximos semanticamente (como *consuetudinario*).

É necesario, igualmente na nosa lexicografía, poñer orde no que algúns lingüistas deron en chamar **falsos amigos estruturais**. Refírome a unha serie de palabras que teñen o mesmo significado no castelán e no galego, pero que ofrecen diverxencias en canto á súa ortografía, acento, ou en canto ó seu xénero. Todos estamos afeitos a dicir, por exemplo, *amalgama*, *isobara* ou *atmósfera*, porque son termos que aprendemos en castelán, cando en galego, se somos coherentes coa historia da lingua, con criterios etimolóxicos e coas solucións adoptadas pola maioría das linguas románicas, deberíamos dicir *amálgama*, *isóbara* e *atmosfera*. O mesmo podemos dicir en canto ó xénero: casos como *a leite*, *a nariz*, *a costume*, *unha paradoxa*, *un eclipse*, etc. escoitámoslos tódolos días, en vez de *o leite*, *o nariz*, *o costume*, *un paradoxo* e *unha eclipse*.

Outras veces o castelanismo non afecta á forma, senón ó contido semántico. Tal ocorre cando utilizamos *largo* co sentido de longo, ou *alargamento* co de *alongamento*, ou cando utilizamos *adoecer* (que é unha forma totalmente correcta en galego) no sentido figurado do castelán de ‘carecer’, ‘pecar’, ‘padecer’: non é raro escoitar frases como *este equipo adoece de capacidade ofensiva*, na que se está utilizando unha forma galega pero un significado do castelán *adolecer*, que non posúe o termo galego correspondente. Digamos, pois, *este equipo peca de capacidade ofensiva* ou *está falto de capacidade ofensiva*. Algo semellante podemos dicir cando utilizámo-lo verbo *afincar*(se) coa acepción de ‘pasar a residir nun lugar despois de vivir temporalmente en varios’, que ten este verbo en castelán, pero non en galego, onde podemos dicir *establecerse* ou *fixa-la residencia*.


Pero, aínda que o perigo da substitución léxica vén fundamentalmente do lado do castelán, é necesario tamén depura-la lingua doutras voces espurias innecesarias, que relegan a palabra tradicional galega. Por exemplo, é frecuente atopar nalgún escritor a voz *acetona*, adaptación do port. *azeitona*, totalmente innecesaria cando témo-la voz patrimonial *oliva*. Curioso é o caso de *anceio*, que non é outra cousa senón o portugués *anseio*, que na primeira metade do século dezanove se escribía *anzeio*, con *z*. Esta palabra, ó ser introducida na nosa lingua con esta grafía,

empezou a pronunciarse como [anθeio], e, posteriormente, como o son *ce* ante *e* se escribe habitualmente en galego con *c*, pasou a escribirse con este grafema. No galego nunca existiu tal forma *anceio*. Se queremos usa-la forma correspondente en galego, digamos *ansia*, ou se non, utilicemos algún sinónimo como *devezo*, *degoiro* ou *arela*.

3.

Outra das tarefas da lexicografía galega actual é a depuración de inventos que, unhas veces por hipergaleguismo (motivado fundamentalmente pola necesidade de arreadarse do castelán) e outras por determinados accidentes históricos de diverso signo, acadaron certo uso en determinados ámbitos do galego. ¿Quen non escoitou algunha vez formas como **carreteira* (falso galeguismo, constituído a partir do castelán *carretera*, en vez da voz galega *estrada*) ou **inconvinte* (en vez de *inconveniente*), ou **sincero* (no cando de *sincero*) ou **cadeirádego* (hiperenxebrismo, en vez da forma culta *catedrático*), etc.? Hai mesmo algúns inventos, verdadeiras palabras fantasma (*ghost words*), que tiveron un éxito extraordinario e que pasaron ó léxico usual da maioría dos nosos escritores, e destes ó dalgúns falantes actuais. Tal é o caso da palabra *antergo* co significado de ‘devanceiro, antepasado’. En galego existe a voz *entrego*, coas variantes dialectais *antrego* e *antergo*: esta palabra, derivada do latín INTEGRU, cando se aplica a unha persoa, significa que xa é ‘adulta’, ‘que xa está totalmente formada’, e era moi frecuente dicir *un mozo entrego*, para indicar que xa se trataba dun mozo maduro e mesmo para insinuar que xa lle pasara o sol pola porta. Pois ben, Valladares recolle a voz *antergo* e defínea como ‘ya de años’. Pero outros dicionaristas posteriores, levados probablemente pola paranomasia entre *antergo* e *antigo*, interpretaron este ‘ya de años’ de Valladares como ‘viejo, antiguo’, e á súa vez outros, a partir deste ‘viejo, antiguo’ deron un paso máis, e como os vellos e os antigos son moitas veces os antepasados, engadiron a acepción de ‘antepasado, devanceiro’, que nunca tivo esta palabra ata época recente como resultado da mala interpretación dos dicionaristas.

Un certo número de formas estrañas que aparecen polos nosos dicionarios teñen a súa orixe nun simple erro gráfico. Lembremos casos coma os de *carda* (co significado de ‘noz’), que non é orixinariamente máis ca unha mala lectura de *carola*; ou *amoregar* (co significado de ‘darlles un mordisco ás castañas para que ó asalas



non rebenten’), erro claro por *amoxegar*; ou *carval* (no sentido de ‘áspero’) en vez de *carual*, variante de *caroal*, onde o *u* se confundiu cun *v*; unha confusión semellante é a que aparece no *augarelo* de varios dos nosos dicionarios, que non é outra cousa que *angarelo*. Caso parecido é o dun *astio*, que ten a súa orixe nunha mala lectura de *astro* en Sobreira, e que veu pasando duns dicionarios a outros sen un mínimo de crítica.

Non falta quen a partir dunha forma do paradigma existente inventa outra inexistente. Así, atopamos un infinitivo como *ouzar* (por ‘oír’) que alguén inventou a partir de formas como *ouzo* (do pres. de indicat.) ou *ouza* (do pres. de subx.); como hai quen inventa un singular *coucoi* (por *coucón*), sen dúbida a partir da forma do plural do galego oriental *coucois*.

Outras veces estas palabras fantasma orixínanse por unha simple mala interpretación da sílaba sobre a que recae o acento. Por exemplo, en polo menos dous dicionarios actuais atopamos como entrada un substantivo *bárria* (escrito con *b*), que definen como ‘maneira de fuxir desordenadamente a sardiña ó ser espantada polos pescadores do xeito’, que non se trata senón da voz *varría* (con acento no *í*, e que amais diso debería escribirse con *v*, porque é da mesma familia ca *varrer*).]

Pero non debemos asustarnos da presenza destas voces nos nosos dicionarios. Este fenómeno deuse historicamente tamén noutras linguas, e nalgunha con tanta tradición lexicográfica como a francesa. Por exemplo, no *DEAF* (*Dictionnaire étymologique de l’ancien français*), dirixido por Kurt Baldinger, puxéronse de manifesto moitas destas palabras fantasma que circulaban polos dicionarios do francés antigo. Nada menos que o gran Godefroy inventou un falso infinitivo **gargier*, a partir de formas como *garge*, do subxuntivo do verbo *garder*. E o máis grave é que un dos máis grandes romanistas de tódolos tempos, Wartburg, intentou no seu *FEW* (*Französisches Etymologisches Wörterbuch*) buscarlle unha explicación etimolóxica a partir dunha hipotética forma do latín tardío **wardicare*, de orixe xermánica, cando en realidade se trataba dun invento dun lexicógrafo. Por iso non debemos escandalizarnos de que feitos deste tipo aparezan ocasionalmente no galego. Hai, iso si, que aplica-lo rigor da crítica e depura-los nosos dicionarios.


4.

Onde máis se aprecia a estandarización dunha lingua é na utilización que dela se fai nas relacións de tipo formal, e é precisamente nestas relacións onde a lingua escrita ten unha maior importancia. Por iso é necesario tamén, no proceso de estandarización do léxico, abordar-lo problema da ortografía correcta das palabras. As maiores dificultades neste campo refírense ó uso dos grafemas *b* e *v* e do *h*, que moitas veces se empregan de maneira incorrecta, sobre todo por imitación da grafía do castelán. Así, por exemplo, en galego deben escribirse con *v* palabras como *covarde*, *acovardar*, *varrer*, *vasura*, *acivro*, *Estevo*, *trevo*, *avogado*, etc. (en xeral, tódalas voces que proceden dun *w* latino ou dun *-f-* intervocálico, ou aquelas que teñen unha consoante bilabial sonora procedente dun *w* antihiático (*louvar*). No caso dos préstamos doutras linguas débese conserva-la grafía que a palabra tiña na lingua orixinal, por iso debemos escribir, por exemplo, *pavillón* con *v*).

Polo que respecta ó *h* é necesario igualmente defini-los criterios que se han de seguir. Dunha maneira simple, e sen pretender ser exhaustivo, considero que deberían conserva-lo *h*:

- as palabras que o tiñan en latín, casos como os de *home*, *horta*, *prohibir*, *humano*, *inhumano*...
- as palabras tomadas do grego que tiñan unha vocal con espírito áspero nesta lingua: *harmonía*, *harpía*, *hidróxeno*, *hipérbole*...
- algúns arabismos tardíos que posúen un son aspirado, coma *sahariano*, *almohade*, etc.
- préstamos recentes sobre todo das linguas xermánicas, que teñen *h*. Naqueles que non están aínda totalmente ingresados na lingua, este *h* debe pronunciarse coma unha consoante aspirada: *hall*, *hobby*.

Pero ó lado destes criterios de base etimolóxica, cómpre ter en conta tamén a tradición da palabra e a harmonización coa solución dada por outras linguas. Por iso creo que resultaría excesivamente etimoloxicista e artificioso, restaura-lo *h* en voces moi populares que, aínda que o tiveran etimoloxicamente, non aparecen escritas con este grafema na tradición escrita galega. Tal é o caso, por exemplo, de *Xoán* (cfr. cast. *Juan*, port. *João*, cat. *Joan*, fr. *Jean*...), ou de *agora*, *amocelo*, *inverno*, etc.



O que é necesario evitar son os haches antietimolóxicos tan frecuentes no castelán, que non teñen ningunha razón de ser no galego, como ocorre no cast. *hermano*, *hinchar*, *hallar*, *buevo*, *huérfano*, *hueco*, *hueso*, etc. que teñen os seus correspondentes galegos en *irmán*, *inchar*, *achar*, *ovo*, *orfo*, *oco*, *óso* (todos eles sen *h*, porque as voces das que proceden tampouco o tiñan).

5.

En todo proceso de comunicación hai unha fase de codificación, de construción da mensaxe por parte do falante, e unha fase de descodificación, de interpretación da mensaxe por parte do receptor. O dicionario é un instrumento que pode servir de axuda nos dous procesos, aínda que habitualmente o utilizamos máis no segundo caso, é dicir, para consulta-lo significado dunha palabra que lemos ou escoitamos e que nos resulta descoñecida.

Dicía antes que a lingua galega estivo varios séculos arredada do mundo da administración, do mundo da ciencia, do mundo da técnica moderna e, en xeral, das relacións de tipo formal. Por iso é perfectamente explicable que o galego durante esta época non xerara as voces necesarias para expresar ese mundo que lle resultaba alleo.

A lexicografía galega actual ten diante de si o desafío urxente de dotar a nosa lingua da capacidade para expresar con voz propia todos estes novos conceptos e obxectos cos que nos está bañando o mundo actual. Para isto é necesario botar man das técnicas e recursos que nos ofrece a chamada neoloxía consciente.

5.1.

Un dos procedementos de actualización do léxico é o préstamo doutras linguas. Dentro deles, os que están nunha situación de maior inestabilidade son os **xenismos** ou termos introducidos sen adaptación, que, ás veces mesmo contraveñen as regras fonolóxicas e morfolóxicas da lingua prestameira. Tal ocorre, por exemplo, con *Klymer*, *kibbutz*, *windsurf*, *walkie-talkie*, etc. Deixando a un lado o número considerable destas voces que acaban por desaparecer da lingua porque responden a modas pasaxeiras, podemos dicir que estes termos ou ben se acaban adaptando co paso do tempo ó sistema fonolóxico da lingua, ou noutros casos son substituídos por

creacións autóctonas. Os **préstamos integrados**, pola contra, son palabras introducidas con adaptación ó sistema fonolóxico e morfolóxico da lingua receptora. Estes préstamos, ó contrario dos anteriores, son verdadeiras “apropiacións culturais”, que pasan a ter un tratamento igual ó das palabras patrimoniais. É o caso de voces como *flota*, *xardín* ou, máis recentemente, *control*, *bisté*, *chalé*, *estándar*, *caolín*, *quiosco*, etc.

5.2.


Outro dos recursos dos que máis a miúdo botan man tódalas linguas para cubriren unha lagoa terminolóxica, sobre todo na linguaxe técnica e científica, é o **cultismo** latino ou grego. Existe a idea de que as denominacións referidas ó campo da ciencia e da tecnoloxía case non presentan problemas, porque se trata de voces cultas, practicamente iguais en tódalas linguas, que non difiren máis ca na adaptación á fonética propia de cada lingua. Isto, en gran parte, é verdade, pero non por iso estas voces quedan á marxe de determinados problemas. Os tecnicismos, coma tódalas palabras, foron acuñados nun determinado momento histórico e nun ámbito xeográfico concreto (Alemaña, Francia, etc.), desde onde se estenderon a outros dominios, e non tódalas linguas seguen o mesmo criterio de adaptación.

5.3.

O léxico do galego debe enriquecerse tamén coa retroalimentación, coa revitalización de arcaísmos, e non só coa fin de cubrir unha lagoa terminolóxica, senón tamén para recupera-lo lugar lexítimo que lle usurpou en moitos casos o termo castelán como resultado do contacto de linguas. Tal é o caso, por exemplo, de *cóengo*, *aboar*, *ousia*, *almafi* (marfil), *azote* (ó lado de *nitróxeno*), *azougue* (ó lado de *mercurio*), *taxa*, *xaxuar*, *doazón*, etc.

5.4.

Un procedemento acabalo do préstamo e a fabricación autóctona é o **calco** ou tradución literal. É un recurso bastante frecuente na actualización de terminoloxías, pero do que tampouco convén abusar, porque, en realidade, trátase de ‘materia propia



con espírito alleo'. Por exemplo, para denomina-lo aparello que corresponde ó castelán *altavoz*, o galego non tiña aínda unha palabra propia porque sempre se usou o castelanismo. No momento en que se pretende introducir unha denominación propia cómpre examina-lo que ocorre nas outras linguas: fr. *haut-parleur*, port. *altofalante*, it. *altoparlante*, ingl. *loud-speaker*, al. *Lautsprecher*. É dicir, todos, fóra do castelán, teñen unha formación do mesmo tipo, que en galego habería que traducir por *altofalante*, e esta é a forma que se adoptou na versión provisional do *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Para designa-lo que en castelán se chama *autopista*, a maioría das linguas adoptan unha forma composta de *auto* máis o substantivo co que denominan a estrada: it. *autostrada*, port. *auto-estrada*, fr. *autoroute* (en cambio cat. *autopista*). Este modelo seguido polo portugués, o francés e o italiano acho que debe ser adoptado tamén para o galego, coa formación *autoestrada*.

5.5.


O procedemento teoricamente máis natural para responder ás novas necesidades denominativas dunha lingua, é a **creación autóctona**, denominación baixo a que agrupamos fenómenos tan diferentes como a **derivación** e **composición**, por un lado, e a **ampliación** e o **cambio de sentido** das palabras, polo outro.

- a) Cando falamos de **derivación** referímonos ó proceso de formación de unidades léxicas consistente na aglutinación dun radical e un afixo derivacional, sexa este prefixo ou sufixo, incluíndo por suposto as chamadas retroformacións.

Casos de creación por derivación son os de *mostraxe* (como substituto do castelán 'muestreo'), derivado do verbo *mostrar* co sufixo *-axe* que indica 'acción ou acto de'; e o de *listaxe* (como substituto do castelán 'listado'), formado polo mesmo procedemento a partir do verbo *listar*. Outro tipo de derivación é o que aparece na voz *lastro*, como substituto do castelán *adoquín* (palabra de orixe árabe descoñecida tradicionalmente no galego): *lastro* formouse a partir de *lastra*, seguindo o modelo *leira* > *leiro*, *portela* > *portelo*, etc., en que os substantivos de xénero masculino indican obxectos de menor tamaño cós expresados polas formas femininas. Podemos dicir que o procedemento da derivación é dos que menos problemas presenta desde o punto de vista técnico.

- b) Outro procedemento habitual para a creación propia de léxico é a **composición**, e con este termo referímonos á formación de unidades semánticas a partir de elementos léxicos susceptibles de teren por si mesmos unha autonomía na lingua. Englobamos, pois, neste grupo tanto as chamadas tradicionalmente palabras compostas, que aparecen unidas graficamente (por exemplo *papasol*), como as unidades que É. Benveniste denomina **sinapsias** (como por ex., *máquina de mallar*), e que se corresponden aproximadamente co que B. Pottier chama **lexías** e L. Guilbert denomina **unidades de significación**. Son numerosas as creacións por composición no galego moderno, que acadaron xa certa circulación; pensemos, en casos coma *lavalouza* (para o que en castelán chamamos ‘lavavajillas’), *beirarrúa*, *beiravía*, *furarrollas* (cast. ‘taladracorchos’), *pousatubos* (cast. ‘gradilla’), etc. E non digámo-las sinapsias, como *axuda de custo* (para o cast. ‘dieta’), *pano de mesa* (para o cast. ‘servilleta’), *resgado de aboamento* (para o cast. ‘abonaré’), *rede de sumidoiros* (para o cast. ‘alcantarillado’), *boca da rúa* (para o cast. ‘bocacalle’), etc.
- c) Amais da derivación e da composición hai outro recurso, non aproveitado en tódalas súas posibilidades, que é o da **ampliación** ou **cambio de sentido** dunha palabra, ou dito doutra maneira, verter viño novo en odres vellos. Todos sabemos que a evolución da nosa civilización trae consigo a constante transformación dos obxectos, pero non por iso temos que aplicar necesariamente unha nova denominación a cada obxecto transformado, senón que podemos mante-lo nome dun utensilio xa arcaico ou obsoleto para designar outro novo que ten a mesma finalidade ou desempeña unha función semellante. Isto é algo que ocorreu na historia de tódalas linguas, e que moitas veces non temos en conta. ¿Por qué non lles imos chamar *vasoiras* ou mesmo *xestas* ás modernas escobas de varrer, aínda que xa se parezan moi pouco ós artiluxios que se utilizaban con esta fin non hai moitos anos, e xa non sexan feitas de xestas?

Estas son, entre moitas outras, algunhas das tarefas da lexicografía galega actual, moi lixeiramente esbozadas. E en todos estes problemas que acabo de presentar, a RAG ten un papel decisivo que xogar. Non podemos esquecer que a disposición adicional da Lei de Normalización Lingüística di que “nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade



o establecido pola Real Academia Galega”. Non é necesario que diga que estou convencido de que esta institución que hoxe me acolle vai saber responder axeitadamente ás demandas da sociedade galega, porque a RAG ten fe na nosa lingua, na nosa cultura, e polo tanto tamén o noso pobo vai ter fe nela. Espero que cando dentro de mil primaveras alumee unha nova alba de gloria, Galicia enteira bendiza a hora en que no 1905 homes coma Fontenla Leal, Curros ou Murguía fixeron realidade esta venerable institución, que soubo mante-lo soño da nosa terra, ou mellor, parafraseando ó meu antecesor Eduardo Moreiras, “que soubo cambia-lo sono en vida”.

Resposta do excelentísimo señor don
Carlos Casares



Señores académicos:

Cando no ano 1971 se creou o Instituto da Lingua Galega por iniciativa do profesor don Constantino García, a investigación lingüística relacionada co idioma galego acadou por vez primeira na súa historia o estatuto universitario que historicamente lle correspondía. É certo que antes, o traballo e a dedicación de algúns homes entusiastas tiña suplido a escasa atención que os organismos académicos lle tiñan prestado á lingua do país, e que institucións como a corporación que hoxe nos acolle dedicaron non poucos esforzos, case sempre sen medios, ó seu estudio. Sen embargo, podemos afirmar sen temor que a posición de Galicia no mapa filolóxico da Romanía non se produciu ata que o Instituto da Lingua Galega iniciou o seu labor de investigación hai agora algo máis de vinte anos.

Desde entón, arredor do profesor don Constantino García González foise formando un grupo de xoves lingüistas que acometeron a tarefa histórica de redimir a lingua galega do estado de indixencia científica en que se atopaba, consagrando os seus esforzos, nun primeiro momento, á recollida de materiais e á súa ordenación e estudio. Este labor inicial, imprescindible para a realización de calquera traballo posterior, concluíu coa formación dun *Tesouro lexicográfico* composto por varios centos de miles de papeletas e coa elaboración do *Atlas Lingüístico Galego*, dúas obras monumentais sobre as cales se asentan xa con seguridade e rigor tódolos plans destinados a dotar o galego dunha norma coherente e segura, ademais dos traballos de lexicografía encamiñados a publicar algún día o *Gran Diccionario da Lingua Galega* que todos agardamos.

Dos xoves que se formaron na Sección de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e que iniciaron o seu labor como investigadores no Instituto da Lingua Galega, hoxe chega ó seo da nosa corporación o profesor don Manuel González González. En realidade, o novo académico non era alleo á nosa entidade, pois a súa vinculación cos *Cadernos de Lingua*, revista da que é vicedirector, facía que todos o consideráramos xa como un compañeiro. Desde hoxe, adquire ademais a condición de académico numerario, o cal nos produce a natural alegría, non só pola satisfacción que para el poda supoñer no ámbito persoal, senón polo que significa para a propia Academia, pois a incorporación de don Manuel González González ás tarefas desta casa vai ser un importante reforzo de cara os traballos lingüísticos que se están a desenvolver.

O labor do profesor don Manuel González no campo da investigación tense realizado fundamentalmente nos terreos da xeografía lingüística e da lexicografía. No primeiro deles cómpre destacar a redacción do cuestionario para o *Atlas Lingüístico Galego* e a súa posterior execución material a través das enquisas levadas a cabo ó longo de todo o territorio galego, traballo que compartiu con Rosario Álvarez Blanco e Francisco Fernández Rei. Ó mesmo tempo, o profesor don Manuel González realizou un traballo de características similares para o *Atlas Lingüístico de España e Portugal*, dirixido por Manuel Alvar, e para o *Atlas Linguarum Europaeae*, patrocinado pola UNESCO.

No terreo da lexicografía, o novo académico leva realizado igualmente un intenso traballo. Xunto co profesor Antón Santamarina, académico electo, elaborou o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* e o *Diccionario inverso da lingua galega*. Asimesmo foi coordinador do equipo que preparou o *Diccionario da lingua galega* que baixo a dirección de don Constantino García publicaron conxuntamente o Instituto da Lingua Galega e a Academia. O profesor don Manuel González formou parte tamén do equipo encargado de redactar o *Léxico de matemáticas, física e química*. Finalmente, ten publicado algúns traballos de crítica e metodoloxía lexicográfica, entre eles os titulados “Aníbal Otero e a lexicografía galega” e “Unha mostra do tratamento da homonimia nos dicionarios galegos”.

A incorporación de don Manuel González á nosa entidade vai ser, polo tanto, unha importante adquisición de cara a nova etapa na que nos atopamos, que se iniciou coa modificación dos Estatutos, nos que se recolle unha definición máis concreta das funcións que lle corresponden en materia lingüística, de acordo co espírito

dos fundadores e conforme ás responsabilidades que á Real Academia Galega lle asigna a Lei de Normalización Lingüística, que a fai depositaria do criterio de autoridade en cuestións relativas á norma, actualización e uso correcto do galego.

Para cumprir esta importante misión, que trascende os aspectos puramente funcionais e adquire a categoría dunha alta responsabilidade histórica, do éxito da cal depende en boa parte a supervivencia da nosa lingua, era necesario contar con persoas como o profesor don Manuel González, que reúnen a dobre condición de seren expertos, coa dedicación e o rigor académicos propios dun investigador, coa fidelidade e o amor ó seu país. Esta é, en última instancia, a causa que explica o feito de que en Galicia se foran formando nos últimos anos equipos de xoves investigadores que puxeran todo o peso da súa formación universitaria ó servicio dunha lingua que nunca entenderon como un obxecto neutro que debe ser analizado, senón como a expresión máis xenuína da cultura galega e como símbolo do pasado e o futuro do seu pobo.

A lingua galega, que desde a implantación da autonomía segue un incerto proceso de normalización social e cultural, na actualidade dispón dunha norma ortográfica, elaborada conxuntamente pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, que no seu día foi un factor determinante de cara a súa oficialización e que influíu de maneira moi eficaz na consideración positiva que hoxe lle merece ó conxunto da sociedade. Con lixeiras correccións, que a Real Academia Galega poderá facer no momento que estime máis oportuno, a citada norma deberá manter a súa validez durante moitos anos, coa seguridade de que o bo fundamento inicial no que se asenta ha ser ese factor de estabilidade necesario e imprescindible para lograr o fin primordial do proceso en marcha, é dicir, a plena recuperación do galego como a lingua propia do país.

Pero se nunha primeira etapa, a elaboración da norma ortográfica vixente foi unha conquista da que nos podemos sentir orgullosos, en parte pola súa oportunidade histórica e polo feito de que lle aforrou á sociedade galega o bochorno de afrontar o estadio da oficialidade administrativa nunhas condicións intelectualmente indecorosas, nunha segunda etapa temos que conseguir unhas cotas semellantes de eficacia no proceso de estandarización ó cal se ten referido o profesor Manuel González no discurso que acabamos de escoitar. Cunha claridade que non merece senón eloxios e parabéns, o novo académico fixo unha exposición feliz dos

principios e os métodos que deben informar, desde o punto de vista lingüístico, a depuración, unificación e normalización progresiva do léxico galego.

É precisamente neste campo concreto onde hoxe se presentan os problemas máis difíciles, en parte porque as solucións correctas, como acabamos de ver, con frecuencia chocan contra hábitos moi afincados na maioría dos falantes que ás veces mostran unha forte resistencia psicolóxica a abandonalos, mesmo aqueles que coñecen a súa ilexitimidade ou incluso moitos dos que recoñecen a necesidade de depurar o léxico da lingua para asegurar o seu porvir. Nas cuestións relativas ó idioma, por tratarse dunha facultade directamente relacionada coa psicoloxía individual, cada individuo ten a conciencia de ser autoridade na propia norma e mostra unha tendencia firme a non permitir que lle impongan criterios en algo que afecta de maneira tan radical á súa propia intimidade.

Sobre este espacio tan complexo e delicado vai incidir nos próximos anos unha parte sustancial do labor encomendado á Real Academia Galega, que a través do Seminario de Lexicografía terá que ir resolvendo con intelixencia e con tino non poucos problemas de solución non doada. Pódese dicir que a norma estandarizada do galego do futuro, en boa parte se irá fixando con criterios e normas elaborados nesta casa. A responsabilidade dunha tarefa semellante non se lle pode escapar a ninguén que se enfrente a ela coa conciencia de saber que se trata dunha empresa histórica trascendente. De aí a necesidade de contar cos instrumentos adecuados, un requisito que está perfectamente asegurado, tal como acabamos de ver despois de escoitar o discurso do novo académico.

Naturalmente que nas cuestións que se retiren á formalización dos modelos lingüísticos, non abonda só coa competencia do expertos, con ser esta imprescindible, senón que é necesaria tamén a sensibilidade lingüística dos que teñen a responsabilidade de dictar a norma. Esta é unha cualidade que non se adquire e que raramente depende de factores relacionados coa aprendizaxe, como sucede coa sensibilidade artística ou a literaria. Sen embargo, é tan necesaria como a boa formación intelectual. Dela depende que as propostas normativas sexan ou non aceptadas pola colectividade e que se acaben impondo de xeito natural, aínda a pesar das inevitables resistencias que sempre se xeneran. Despois de todo, o órgano da soberanía non reside nesta casa, senón na sociedade galega, que é a titular da propia lingua.

Resulta, polo tanto, necesario que a Real Academia Galega estea atenta ó que sucede na rúa. Podemos dicir que o acto de hoxe parece indicar que esa é a disposición na que se atopa esta corporación. Recibir no seu seo a un home novo, discreto e calado, honestamente entregado ó estudio científico da lingua do seu país durante anos, arredado de calquera actividade social de brillo, descoñecido do grande público, supón un acto de responsabilidade e un exercicio de liberdade, coa mente posta no carácter obxectivo dos problemas antes que na simple aparencia que tantas veces os deforma. Esta é a garantía de que a Real Academia Galega vai exercer con competencia, responsabilidade e sensibilidade o mandato que no seu día lle confiou o pobo galego a través do Parlamento.

Benvido, pois, Manuel González ó seo da Real Academia Galega. Desde hoxe contamos contigo, co teu esforzo, co teu traballo e co teu saber. Tamén contamos coa túa entrega á fermosa causa da nosa lingua, que é a suprema garantía de que a dedicación que lle vas prestar a esta casa acabará tendo a eficacia que só alcanzan as cousas feitas con amor.

Moitas gracias.

Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

